

INTRAHISTORIAS DA ARQUITECTURA

CURSO DE HISTORIA DA ARQUITECTURA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 20 de marzo ao 5 de xuño de 2019

Horario: mércores de 19:00 a 20:30 h

Dirixe: Fermín Blanco

"Todo o que contan a diario os xornais, a historia toda do 'presente momento histórico', non é senón a superficie do mar, unha superficie que se xea e cristaliza nos libros e rexistro. (...) Os xornais nada din da vida silenciosa de millóns de homes sen historia que a todas as horas do día e en todos os países do globo se levantan a unha orde do sol e van aos seus campos para proseguir o escuro e silencioso labor cotián e eterno, ese labor que, como as madréporas suboceánicas, bota as bases sobre as que se alzan os illotes da Historia. Sobre o silencio augusto, dicía, apóiase e vive o son, sobre a inmensa humanidade silenciosa levántanse os que meten bulla na Historia. Esa vida intrahistórica, silenciosa e continua como o fondo mesmo do mar, é a substancia do progreso, a verdadeira tradición, a tradición eterna, non a tradición mentida que se adoita ir buscar no pasado enterrado en libros e papeis e monumentos e pedras".

Miguel de Unamuno, *En torno al casticismo*, 1905

Intrahistorias da arquitectura é un programa nado con vocación didáctica, un curso apoiado no impulso investigador e científico, con carácter divulgador e crítico.

Nesta primeira edición propónse unha serie de temas claves para interpretar a realidade arquitectónica que nos rodea, da que para ben ou para mal, non podemos escapar. A arquitectura acompáñanos no noso día a día, facilítanos ou ás veces entorpecenos, excítanos, incomódanos, suxírenos, reláxanos ou impresiónanos.

Faremos un percorrido polas diferentes escalas da disciplina, as súas relacións coa sociedade, a técnica, os efectos dos movementos sociais, o xénero, o patrimonio, a autoconstrución, as modas, o fenómeno do arquitecto estrela, a estética, as relacións entre disciplinas, os dogmas, a construción, a educación, o bio, o eco, a investigación, o territorio e, por suposto, falaremos de política.

A arquitectura é unha desas disciplinas ricas en contidos cuxa intrahistoria está chea de actores secundarios e cuxos efectos transversais abren múltiples camiños para a investigación, o debate ou o faladoiro. Convertidas todas elas en formato de curso, o CGAC lanza esta proposta dirixida polo educador e arquitecto Fermín Blanco, e convida o público cada mércores a estes encontros nos que trataremos a vida desde unha perspectiva moi construtiva.

PROGRAMA

20 marzo *Intrahistorias da arquitectura. Como dicíamos onte...*

27 marzo *Coñecemento compartido, aprendendo da tradición. Leccións colectivas sen mestre*

3 abril *Arquitectura con acento. A arquitectura do material. Preguntádelle ao ladrillo o que quere ser*



Marlon de Azambuja: *Brutalismo Santiago*, 2018. Fotografía: Manu Suárez

"Todo lo que cuentan a diario los periódicos, la historia toda del 'presente momento histórico', no es sino la superficie del mar, una superficie que se hiela y cristaliza en los libros y registro. (...) Los periódicos nada dicen de la vida silenciosa de millones de hombres sin historia que a todas horas del día y en todos los países del globo se levantan a una orden del sol y van a sus campos a proseguir la oscura y silenciosa labor cotidiana y eterna, esa labor que, como las madréporas suboceánicas, echa las bases sobre las que se alzan los islotes de la Historia. Sobre el silencio augusto, decía, se apoya y vive el sonido, sobre la inmensa humanidad silenciosa se levantan los que meten bulla en la Historia. Esa vida intrahistórica, silenciosa y continua como el fondo mismo del mar, es la sustancia del progreso, la verdadera tradición, la tradición eterna, no la tradición mentida que se suele ir a buscar en el pasado enterrado en libros y papeles y monumentos y piedras".

Miguel de Unamuno, *En torno al casticismo*, 1905

Intrahistorias de la arquitectura es un programa nacido con vocación didáctica, un curso apoyado en el impulso investigador y científico, con carácter divulgador y crítico.

En esta primera edición se plantea una serie de temas claves para interpretar la realidad arquitectónica que nos rodea, de la que para bien o para mal, no podemos escapar. La arquitectura nos acompaña en nuestro día a día, nos facilita o a veces nos entorpece, nos excita, nos incomoda, nos sugiere, nos relaja o nos impresiona.

Haremos un recorrido por las diferentes escalas de la disciplina, sus relaciones con la sociedad, la técnica, los efectos de los movimientos sociales, el género, el patrimonio, la autoconstrucción, las modas, el fenómeno del arquitecto estrella, la estética, las relaciones entre disciplinas, los dogmas, la construcción, la educación, lo bio, lo eco, la investigación, el territorio y, por supuesto, hablaremos de política.

La arquitectura es una de esas disciplinas ricas en contenidos cuya intrahistoria está llena de actores secundarios y cuyos efectos transversales abren múltiples caminos para la investigación, el debate o la tertulia. Convertidas todas ellas en formato de curso, el CGAC lanza esta propuesta dirigida por el educador y arquitecto Fermín Blanco, invitando al público cada miércoles a estos encuentros en los que trataremos la vida desde una perspectiva muy constructiva.

PROGRAMA

20 marzo *Intrahistorias de la arquitectura. Como decíamos ayer...*

27 marzo *Conocimiento compartido, aprendiendo de la tradición. Lecciones colectivas sin maestro*

3 abril *Arquitectura con acento. La arquitectura del material. Preguntadle al ladrillo lo que quiere ser*

10 abril *O refuxio, reflexións sobre o espazo mínimo. Da cabana de Thoreau aos pisos colmea*
 24 abril *Cando os traballos comunitarios non son un castigo. Facenderas*
 8 maio *A arquitectura educa. Sobre a educación e os seus espazos*
 15 maio *Vivir a arquitectura. Visita, xornada experiencial*
 22 maio *Integración das artes; casos de estudo en clave optimista*
 29 maio *A miña estética é a miña ética. Por que lle din feísmo?*
 5 xuño Clausura do curso. Taller práctico de construción co Sistema Lupo*

METODOLOXÍA

Neste curso achegámonos ás bases conceptuais da arquitectura.

Os temas elixidos serán transversais a varias disciplinas co que se busca fomentar a participación dun público heteroxéneo interesado na arquitectura (pero non especificamente experto nela).

Trataremos de integrar diferentes medios nas sesións e, en paralelo, propónse un *terceiro tempo* nas redes sociais (#intrahistoricos) a través do grupo de Facebook "Club de Arquitectura", moderado por Fermín Blanco.

FERMÍN BLANCO (La Pola, Asturias, 1977)

É doutor arquitecto pola Universidade Politécnica de Madrid e arquitecto pola ETSAVA. A súa traxectoria profesional está impregnada polo carácter educativo e divulgativo dos seus proxectos, sempre nun ámbito híbrido entre disciplinas. Desde 2011 é profesor de Sistemas de Construción na IE School of Architecture and Design. Comeza a súa experiencia profesional co arquitecto Manuel Gallego (2003-2006) e a partir de 2006 exerce a profesión desde o seu propio estudio de arquitectura na Coruña. Durante estes anos realizou exposicións e impartiu cursos e conferencias relacionados coa arquitectura, o deseño e a didáctica. En 2008 funda Sistema Lupo, un paraugas baixo o que actualmente se acubilla un excelente equipo de profesionais implicados no binomio arquitectura-educación. A súa premiada tese doutoral, "Los huesos de Fisac: la búsqueda de la pieza ideal", marcou o inicio dunha serie de proxectos de carácter científico-divulgativo sobre a transferencia do coñecemento desde a técnica e a arte á sociedade. Na actualidade coordina entre outros os programas *Nenoarquitectura* na Fundación Luís Seoane de Coruña, e *MIES é + no CGAC* e é presidente-coordinador (ocasional) da Asociación Ludantia Arquitectura e Educación.

www.ferminblanco.com

10 abril *El refugio, reflexiones sobre el espacio mínimo. De la cabaña de Thoreau a los pisos colmena*
 24 abril *Cuando los trabajos comunitarios no son un castigo. Facenderas.*
 8 mayo *La arquitectura educa. Sobre la educación y sus espacios*
 15 mayo *Vivir la arquitectura. Visita, jornada experiencial*
 22 mayo *Integración de las artes; casos de estudio en clave optimista*
 29 mayo *Mi estética es mi ética. ¿Por qué le dicen feísmo?*
 5 junio Clausura del curso. Taller práctico de construcción con el Sistema Lupo*

METODOLOGÍA

En este curso nos acercamos a las bases conceptuales de la arquitectura.

Los temas elegidos serán transversales a varias disciplinas con lo que se busca fomentar la participación de un público heterogéneo interesado en la arquitectura (pero no específicamente experto en la misma).

Trataremos de integrar diferentes medios en las sesiones y, en paralelo, se plantea un *tercer tiempo* en las redes sociales a través del grupo de Facebook "Club de Arquitectura", moderado por Fermín Blanco.

FERMÍN BLANCO (La Pola, Asturias, 1977)

Es doctor arquitecto por la Universidad Politécnica de Madrid y arquitecto por la ETSAVA. Su trayectoria profesional está impregnada por el carácter educativo y divulgativo de sus proyectos, siempre en un ámbito híbrido entre disciplinas. Desde 2011 es profesor de Sistemas de Construcción en la IE School of Architecture and Design. Comienza su experiencia profesional con el arquitecto Manuel Gallego (2003-2006) y a partir de 2006 ejerce la profesión desde su propio estudio de arquitectura en A Coruña. Durante estos años ha realizado exposiciones e impartido cursos y conferencias relacionados con la arquitectura, el diseño y la didáctica. En 2008 funda Sistema Lupo, un paraguas bajo el que actualmente se cobija un excelente equipo de profesionales implicados en el binomio arquitectura-educación. Su premiada tesis doctoral, "Los huesos de Fisac: la búsqueda de la pieza ideal", marcó el inicio de una serie de proyectos de carácter científico-divulgativo sobre la transferencia del conocimiento desde la técnica y el arte a la sociedad. En la actualidad coordina entre otros los programas *Nenoarquitectura* en la Fundación Luís Seoane de Coruña, y *MIES é + no CGAC* y es presidente-coordinador (ocasional) de la Asociación Ludantia Arquitectura y Educación.

www.ferminblanco.com

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición estará aberto desde o 5 de novembro ata o 19 de marzo de 2019. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal na que deberán indicar o seu nome completo, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto. As prazas cubriranse por orde de inscrición. Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación e as indicacións precisas para realizar o pagamento da matrícula.

PAZAS: 150

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: O CGAC entregará un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 75% das sesións.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto desde el 5 de noviembre hasta el 19 de marzo de 2019. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal en el que deberán indicar su nombre completo, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación y las indicaciones precisas para realizar el pago de la matrícula.

PLAZAS: 150

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC entregará un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 75% de las sesiones.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

* O Sistema Lupo está constituído por pezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporcións, xogos de equilibrio e estratexias de acción.

*El Sistema Lupo está constituído por piezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporciones, juegos de equilibrio y estrategias de acción.



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tels.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

